





AS VECES TEÑO UNHA SENSACIÓN DE HUMIDADE NA CABEZA. CANDO ME OCORRE A HUMIDADE TRAE UN FORTE OLOR A SAL... E, COMO UNHA GOTA DE AUGA CÁEME UN PEIXE DO PELO. CADA VEZ QUE ME SUCEDE PROCURO POÑER O PEIXE A SALVO, DALGUNHA MANEIRA, ESE PEIXE É PARTE DE MIN.










¡CANTO TEMPO SEN VERTE ANANO!
¿QUE ME TRAES HOXE? ¿SON PEIXES TROPICAIS? ¡VAIA! ¡QUÉ LINDOS!
SINTO AS MOLESTIAS, SUSANA
NON TE PREOCUPES, NON PASA NADA.
A MOLESTIA É MAIS BEN PARA TI ¿NON CHE PARECE? TES QUE ANDAR VINDO TODAS AS SEMANAS...
ADEMAIS, CADA VEZ CHE OCORRE CON MÁIS FRECUENCIA ¿NON SI? ¿QUE VAS FACER SE DURANTE UN EXAME CHE CAE UN PEIXE DA CABEZA? OU PEOR AÍNDA, SE OS PEIXES MEDRAN DEMASIADO...
NECESITAS BUSCAR ALGUNHA SOLUCIÓN.
SE CADRA DEBERÍA IR VISITAR A MEU PAI...
EL VIVE NA COSTA ¿SABES? ANTES DE MUDARNOS NON ME SUCEDÍA ISTO.


POIS NON LLE DES MÁIS VOLTAS, ESTÁ CLARO QUE TES QUE IR VELO. ¿BÓTALO DE MENOS NON SI?
¿ISO CHE ACONSELLOU SUSANA? VAIA... NON PODO NEGAR QUE EU MESMA ...
BUENO, ESTÁ BEN
PERO HUGO, MEU REI, ¿ESTÁS SEGURO DE QUE QUERES IR TI SÓ?
TEÑO MOITO TRABALLO AGORA MESMO, XA O SABES, SE ESPERASES UN PAR DE SEMANAS QUIZAIS...
VAIA, VEXO QUE SE CHE METEU A IDEA NA CABEZA...
BUENO, TES RAZÓN, HAI XA DEMASIADO TEMPO QUE NON VOS VEDES. SE ESTÁS CONVENCIDO NON SEREI EU QUEN CHO IMPIDA...


O TREN DETENSE NA PEQUENA ESTACIÓN COSTEIRA. SON O ÚNICO EN BAIXAR.
O MEU PAI VENME RECOLLER E IMOS CARA A SÚA CASA EN SILENCIO.
AGORA ALÍ VIVE EL COA SÚA NOVA MULLER. TEN DOUS FILLOS MÁIS.
SORPRENDEUME MOITO A CHAMADA DA TÚA NAI DICINDO QUE QUERÍAS VIR.
ESPERO NON MOLESTAR
¡TI NUNCA SERÍAS UNHA MOLESTIA, HUGO! EU, EU ESTOU MOI CONTENTO DE QUE QUIXERAS VIR.
SÓ CHE COMENTABA QUE FOI INESPERADO. SEI QUE AS COUSAS COA TÚA NAI FORON UN TANTO BRUSCAS... EU NON ME PORTEI DEMASIADO BEN ¿SABES?
CREO QUE PODO ENTENDELO...


PAPÁ PARECÍA TENSO...
XA NON RECORDO A ÚLTIMA VEZ... QUE FUMOS PESCAR COMA HOXE...
VAIA, PODE QUE DESPOIS DE TODO O BOTARA MOITO DE MENOS...




REALMENTE TIÑA DEMASIADOS PEIXES NA CABEZA... É UN VERDADEIRO ALIVIO QUE REGRESARAN Á AUGA...
TAL VEZ EU TAMÉN DEBERA REGRESAR MÁIS A MÍUDO: GUSTARÍAME PASAR MAIS TEMPO CON PAPA...
EN CANTO REGRESE PEDIREILLE A MAMÁ QUE VI-VAMOS MÁIS PERTO DO MAR... DE ESA MANEIRA OS PEIXES NON TERÁN QUE VIVIR NA MIÑA CABEZA.

FIN